

ESCRITORA

ÁNXELES PENAS
ESCRITORA E ARTISTA PLÁSTICA

«PENSO COSMICAMENTE E SINTO MISTICAMENTE, NISO SON CELTA»

«Urxe escribir, porque a vida é moi breve, / e a eternidade deixa parénteses enormes / e esnaquizadas fendas que desfán os camiños... / É preciso sumar vestixios ás pegadas e refacer derrotas...». Desde nena tiña claro que quería escribir, e algo máis, porque: «Escribía contos que eu mesma ilustraba». Ánxeles Penas (Teixeiro, 1943) escribelle a Gerardo Diego estes versos, dentro do poema *Non racharei a pluma* que aparece en *Perfis e poéticas* (Bafa Edicións), pero a súa traxectoria literaria vai parella á súa vertente de artista plástica: «¡Arrepiame a palabra artista! Eu son unha traballadora, e o mesmo que traballo na terra fago unha escultura». A súa última exposición, feita a finais do ano pasado, levaba por título *Dialogando con tótems* e da mesma escribía o crítico Xavier Seoane que terra, auga, lume e aire eran os elementos presentes «en moi diversos momentos creativos de Ánxeles Penas». Confesa que tanto na escrita como na arte fai a súa obra «sempre sentindo a terra desde o espazo, algo moi dos celtas, dicía un autor inglés, e eu, como eles penso cosmicamente e sinto misticamente. Así son eu». Esa cosmovisión tamén podería trasladarse á súa relación coa xente da cultura galega que vai desde os eloxios á súa obra

por parte de Rafael Dieste ata centos de anécdotas como a daquela noite que volvía a súa casa en Madrid, escoitou unha gaita cerca da estatua de Valle-Inclán, no paseo de Recoletos, e acabou bailando unha muñeira, na rúa, con Laxeiro: «Temos rido moito, era moi divertido». Celso Emilio Ferreiro, Raimundo Patiño, Avilés de Taramancos, Miguel González Garcés ou Salvador García Bodaño son algúns dos nomes que van saíndo na conversa, ademais de figuras foráneas como Gutiérrez Tibón, destacado antropólogo italiano, que coñeceu casualmente en Madrid: «E fixemos moita amizade, pedíame un dicionario de galego e resulta que acabou aprendendo galego con aquel dicionario que había, que era o case o único, de Franco Grande». En italiano acaba de aparecer a obra desta poeta, dentro dunha antoloxía, e tamén en rumano. —¿Como define a súa obra?

—En toda a miña obra hai unha visión cósmica, telúrica, cun forte enraizamento coa terra. Son cousas que están presentes, como o tempo, o amor e a morte.

—¿Sempre compaxinou escritura e artes plásticas?

—Despois de acabar Filosofía e Letras e Maxisterio fun facer Belas Artes a Madrid, pero xa estaba traballando. De tódolos xeitos, en 1973 xa fixemos unha cousa moi novedosa, pintando ao vivo, na galería, con Alberto Carpo e os que formabamos o grupo Acarón. O meu primeiro libro é *Con los pies en la frontera*, que foi publicado por Nordés, a editorial que tiñan Tomás Barros e Luz Pozo. Este (amosa unha primeira edición) foi o segundo libro, *Yo soy para tu muerte*, e está ilustrado por José Luis de Dios, unha portada moi fermosa. É curioso que aí aparece o tema da morte. E o último libro é *Amor deshabitado* (Espiral Maior).

—Os primeiros poemas publicados en «Grial», ¿non?

—Si, no número 32. Pedíramos Carballo Calero. No seguinte número viñan uns poemas de Avilés de Taramancos e aínda que García Bodaño me falara del eu non coñecía a súa obra. Nunca sentín unha forza telúrica como a daqueles versos nos que falaba de que

estaba acotelado por unha pena «e arrepiábase os Andes ao meu paso». Aquilo amosaba que aquel home sufría moitísimo.

—¿Coñeceu persoalmente?

—Si, no primeiro encontro de escritores galegos, a principios dos anos oitenta. Alí coñecín a Avilés, a Dieste, estaban todos.

—¿Só escribe poesía?

—Tamén ensaio, moito ensaio, e teatro. Teño unha obra teatral, *A volta de Edipo*, que foi premio Abrente no ano 1974 e aínda que levaba consigo a representación o certo é que nunca foi representada porque o rapaz que levaba a compañía marchou á emigración. Un crítico escribiu na revista *Destino* que era un Edipo en clave celta, un personaxe que tivera que ir ao exilio e que eu poñía chegando de noite a unha vila mariñeira. E logo teño *Algún deus está a soñar*, outra obra sobre a que ata se fixeron algunhas tesinas, pero tampouco chegou a representarse.



EDUARDO PÉREZ

Ánxeles Penas comparte a literatura coas artes plásticas

—¿E novelas?

—Empecei algunha e non a rematei. E que eu máis que con historias funcióno con imaxes. Gústame moito a musicalidade, supoño que inflúe que tamén estudei música, e traballo moito coa aliteración, nos meus versos hai moitísimas aliteracións e moitísimo simbolismo. O poema nace do impulso, do espírito dionisiaco que di Nietzsche, e a novela ten máis que ver coa ética.

—¿Tamén ten poesía inédita?

—Si, catro ou cinco libros. A xente publica demasiado, emprégase moito a palabra e hai moitos libros de poesía moi aburridos.

—¿Por iso non publica?

—Os meus libros non foron nunca de moita difusión e eu son moito de reescribir unha e outra vez os textos, nunca dou un poemario por acabado. O último libro que me publicou Fernán-Vello en Espiral Maior pedíramo hai moitos anos. Para min cada libro é un parto moi longo.

—¿Algún deses poemarios inéditos xa ten título?

—Teño *O libro de Thot*, que é o deus da escritura no mundo exip-

cio, que tamén me interesa moito. Penso que cada letra é sagrada, é simbólica e por iso dise que o Pentateuco hai que lelo en clave simbólica. Tamén teño *A vara do zahorí*.

—É un título fermoso.

—Si, porque o poeta no fondo é un atopador, máis que un buscador, é un encontro máxico. A min pasoume co libro *O santuario intocable* (Sotelo Blanco), que ten un prólogo moi bonito de Basilio Losada.

«Nunca sentín unha forza telúrica como a daqueles versos de Avilés nos que dicía que estaba acotelado pola pena»

Pois un día soñei cun libro inteiro, escrito por unha poeta de Mondoñedo; eu puiden ler ese libro de poesía, que o mellor era de Cunqueiro e non dunha poeta. Ao esperar non lembraba o nome pero tiña un libro inteiro e, de feito, escribino en dous días. Había frases que sabía de memoria e non entendía

como «fun nado no zoronelo do vento no ano 33 da dominación de Acquafalium». É algo que ten moito simbolismo e a poesía, como o título deste libro, é un santuario intocable. Ese feito supuxo un cambio moi fondo na miña vida, téñolle moito cariño a ese libro porque penso que fun usada por algo, por unha enerxía.